

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 11/2022

SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de xuño 2022

Declaracións institucionais.

- 2.** Declaración Institucional sobre os incendios forestais. Expte. Pleno 3498/1101.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 2º trimestre do ano 2022 e PMP dos 6 meses do ano 2022. Expte. 25763/541 (Expediente Pleno 3478/1101).
- 4.** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 223/143 (Expediente Pleno 3479/1101).

Mocións:

- 5.** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Goberno de España a dotación dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade a Vigo. Expte. Pleno 3497/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a repoñer de forma urxente a Tarxeta Básica co obxectivo de garantir as necesidades básicas das persoas máis vulnerables que se atopan en situación de carencia material severa. Expte. Pleno 3488/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 1 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a crear unha partida de 2 millóns de euros nos próximos orzamentos e transferilos ao Concello de Vigo para asumir o custe das becas de comedor, libros e servizos complementarios. Expte. Pleno 3499/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus Orzamentos do ano 2023 e comprometerse a transferir 500.000 euros para potenciar o plan de investimentos que implique ao mantemento das 11 bandeiras azuis do Concello de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 3500/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a transferir ao Concello de Vigo, a parte proporcional que lle corresponda en función da súa poboación, dos fondos recibidos do Estado para inversión, política social, emprego e outras. Expte. Pleno 3501/1101.

PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 17.06 ao 18.07.22. Expte. 1255/1102 (Expte. Pleno 3492/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 17.06 ao 18.07.22. Expte. 1256/1102 (Expte. Pleno 3493/1101).

Mocións.

12. Moción do concelleiro non adscrito para o despregamento de medidas municipais fronte ao agravamento da crise na cidade. Expte. Pleno 3496/1101.
13. Moción do grupo municipal Mixto para que o Goberno Local garanta o cumprimento da lexislación laboral nas concesionarias municipais. Expte. Pleno 3495/1101.
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Caride Estévez María José

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 2 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria, *incorpórase
no punto 12.*
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Blanco Iglesias Eugenia Dolores, concelleira do grupo municipal Socialista
Espinosa Mangana Elena, concelleira do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de xullo do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretaria Xeral Acctal. do Pleno que asina D^a Susana Gallardo Fariña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral Adxunta, dona Olga Gomez Corbal

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(134) ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 29 DE XUÑO 2022

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 29 de xuño de 2022.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 3 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.(135) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS INCENDIOS FORESTAIS. EXPTE. PLENO 3498/1101.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(136) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO, ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO E FUNDACIÓNS QUE PERTENCEN AO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2022 E PMP DOS 6 MESES DO ANO 2022. EXPTE. 25763/541 (EXPEDIENTE PLENO 3478/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 6 de xullo de 2022, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 4 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 5 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 6 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 7 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL

/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 8 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2022.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2022 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1,319	83	140	27
Importe dos pagos	40,427,801.18	216,865.05	160,961.66	13,370.67
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2	0	39	0
Importe	5,329.98	.00	46,322.31	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	10,72 días	18,68 días	19,70 días	10,07 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	174	6	30	0
Importe dos pagos	4,464,603.72	29,046.75	15,337.30	.00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 9 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	42	0	0	0
Importe	229,362.35	.00	.00	.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	22,56 días	3,96 días	9,81 días	0,00 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11.70	13.93	31.57	4.09	29.21	23.96	8.75	0.00
Segundo	10.72	22.56	18.68	3.96	19.70	9.81	10.07	0.00
Terceiro								
Cuarto								

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	29,597,148.6 1	4,826,025.3 6	335,443.7 1	24,044.95	145,540.7 2	51,310.98	8,710.64	.00
Nº pagos	1,372	227	104	5	109	37	14	0
Segundo	40,433,131.1 6	4,693,966.0 7	216,865.0 5	29,046.75	207,283.9 7	15,337.30	13,370.67	.00
Nº pagos	1,321	216	83	6	179	30	27	0



Copia do documento - Concello de Vigo
3548-1101

Data impresión: 05/10/2022 14:45

Páxina 10 de 34

CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

RD 635/2014

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2022												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	10.31	9.56	8.52	8.60	9.09	10.81						
MARCO	39.18	47.63	25.88	22.38	17.60	14.77						
XMU	26.13	7.91	7.51	11.43	6.37	8.93						
V. C.BUR.	3.86	9.86	9.39	4.74	12.63	12.80						
PMP Global	10.91	9.93	8.63	8.71	9.10	10.82						

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2022

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	9,053,889.28	2,265,765.36	209,717.52	39,634.50	3,468.15	102,777.76	131.60	0.00
Febreiro	8,690,300.50	3,955,072.48	37,647.83	34,919.72	84,519.37	41,798.75	1,073.35	0.00
Marzo	11,713,088.76	4,082,693.37	88,078.36	24,044.95	57,553.30	53,310.98	7,505.69	0.00
Abril	14,367,450.27	3,078,672.65	69,175.12	56,306.99	111,701.71	1,247.13	1,667.63	0.00
Maio	12,863,076.35	3,740,768.33	87,539.58	42,039.82	40,458.08	15,618.62	9,521.74	0.00
Xuño	13,196,798.62	4,691,154.68	60,150.35	29,046.75	55,124.18	15,337.30	2,181.30	.00
Xullo								
Agosto								
Setembro								
Outubro								



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 11 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Novembro							
Decembro							
TOTAL	69,884,603.78		552,308.76		352,824.79		22,081.31

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 20.07.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do ano 2022 e PMP dos 6 meses do ano 2022.

4.(137) DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2022, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 223/143 (EXPEDIENTE PLENO 3479/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 5 de xullo de 2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 12 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2022.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2022, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao SEGUNDO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de Xuño de 2022.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2022, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que reflicten os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 13 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 20.07.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

Incidencia. O Presidente altera a orde do día e a moción nº 9 da orde do día pasa a debatirse de 1ª e a nº 12 pasa a debatirse de 2ª.

9.(138) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A TRANSFERIR AO CONCELLO DE VIGO, A PARTE PROPORCIONAL QUE LLE CORRESPONDA EN FUNCIÓN DA SÚA POBOACIÓN, DOS FONDOS RECIBIDOS DO ESTADO PARA INVERSIÓN, POLÍTICA SOCIAL, EMPREGO E OUTRAS (EXPTE 3501/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2022, número 3501/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira , formula a seguinte,

MOCIÓN

“No primeiro semestre de 2022, o Goberno de España transferiu ás Comunidades Autónomas 11.151 millóns de euros adicados ás políticas públicas. Ademais, autorizou inversión por valor de 33.883 millóns de euros e se recoñeceron obrigacións por valor de 23.153 millóns.

Así pois, as Comunidades Autónomas recibiron importantes sumas de ingresos extraordinarios para realizar diversas políticas públicas como para facer inversións. A Xunta de Galicia, como é obvio non foi unha excepción e tamén recibiu fondos cuantiosos do Estado pero a realidade é que ditos fondos non son perceptibles para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 14 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a cidadanía e, por iso, non cumpren o propósito para a que se estableceron: incentivar a economía.

Por outra banda, non se cumpre o compromiso alcanzado na Xunta de Goberno da FEMP relativo a que se aporte aos Concellos, polo menos o 10 por cento dos fondos recibidos polas administracións autonómicas. O Concello de Vigo non recibiu cantidade algunha por parte da Administración autonómica.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a transferir ao Concello de Vigo, a parte proporcional que lle corresponde en función da súa poboación, dos fondos recibidos do Estado para inversión, política social, emprego, axudas ao comercio, educación e formación profesional, turismo e transición ecolóxica.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra por parte do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis catro do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2022 (Rex. Nº 3501/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Incorpórase ao Salón de Plenos a concelleira Sra. Mejias Sacaluga, sendo as 10,30 h.

Incidencia. Auséntanse do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente e a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

12.(139) MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO PARA O DESPREGAMENTO DE MEDIDAS MUNICIPAIS FRONTE AO AGRAVAMENTO DA CRISE NA CIDADE. EXPTE. PLENO 3496/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 15 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2022, número 3496/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"PARA O DESPREGAMENTO DE MEDIDAS MUNICIPAIS FRONTE AO AGRAVAMENTO DA CRISE NA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo fica inmersa nun evidente e notábel agravamento da crise social, laboral e produtiva que xa viña padecendo nos últimos anos. Cando inda non se atinxira unha recuperación completa da crise iniciada no 2008, os efectos derivados da pandemia do coronavirus supuxeron unha agudización á que agora se engaden o impacto da guerra na Ucraína e o incremento descontrolado da inflación.

Os principais indicadores económicos evidencian ese agravamento. A última Enquisa da Poboación Activa visa o avance da desertización produtiva recollendo que o presente ano 2022 iniciábase coa destrución de 2 mil empregos industriais na nosa cidade, e que arestora o nivel de ocupación continúa con 10.300 postos de traballo menos dos existentes en 2009.

O IPC na área de Vigo e no conxunto da provincia de Pontevedra ten unha peor evolución en termos comparativos co conxunto de Galiza e coa media do Estado español. Desta maneira, o pasado mes de xuño fechaba cunha inflación do 11,7%, un punto e medio por acima do incremento estatal. O aumento descontrolado dos prezos faise notar especialmente en produtos e servizos esenciais para a propia subsistencia material da maioría social que representan as clases traballadores e populares. Os alimentos aumentaron os seus prezos nun 12,9%; os custos de vivenda, auga, electricidade ou gas, disparáronse por volta dun 23,8% e o transporte nun 20,2%. A inflación descontrolada supón o encarecemento dos bens e servizos e tamén o empobrecemento relativo de salarios e pensións, colocando nunha situación límite ao conxunto da poboación nunha cidade na que, segundo o índice Arope, hai máis de 60 mil persoas en risco de exclusión social e pobreza. A carestía da vida fixo aumentar o empobrecemento nun 10% nos últimos meses.

No caso concreto da vivenda a situación é dunha singular gravidade constituíndo o acceso a este ben esencial un dos maiores problemas sociais de Vigo. A nosa cidade ten os alugueiros máis caros de toda Galiza que se incrementaron nos últimos 5 anos nun 40%, segundo datos do propio sector inmobiliario, facendo que unha microvivenda de apenas 28 metros cadrados poida situarse en prezos equivalentes á metade do salario mínimo. O prezo da vivenda en venda aumentou tamén un 7,3% no último ano en Vigo, cando o incremento medio do Estado situouse nun 2,3%. E, arestora, hai xa máis oferta de pisos turísticos que vivenda dispoñíbel para alugueiro residencial.

Da emerxencia social que atravesa a cidade dá boa conta o incremento de preto dun 30% das persoas que acudiron aos servizos sociais municipais desde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 16 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

inicios de 2020. Uns servizos sociais, que malia os reforzos aplicados, continúan a ter esperas de varias semanas para poder atender á cidadanía.

Diante deste contexto, que ten un impacto directo e cotiá nas condicións de vida da poboación, a resposta por parte dos gobernos galego e español ten sido manifestamente insuficiente, con medidas de escaso alcance e incapaces de paliar os efectos sociais deste agravamento da crise. É por iso, que desde o Bloque Nacionalista Galego, acreditamos en que nesta situación de emerxencia cómpre mobilizar todos os recursos e capacidades para despreparar, tamén a nivel municipal, medidas efectivas que permitan constituír un parapeto social que impida que a crise se volva traducir nun saqueo contra a maioría social, en forma de pobreza e de empobrecemento.

No caso de Vigo, tendo en conta a capacidade económico-financeira do Concello de Vigo e a dimensión organizativa da administración local, contamos coas condicións necesarias para poñer en marcha un ambicioso programa de medidas que contribúan de maneira enérxica a afrontar este contexto protexendo tanto ás clases populares e traballadoras como tamén ás actividades económica endóxenas, singularmente o pequeno e mediano comercio local, que xa sufriron o duro embate da pandemia.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar o Goberno municipal a adoptar as seguintes medidas:

- 1 Promover unha modificación orzamentaria no presente exercicio para, a través do uso de remanente líquido de tesouraría, financiar, entre outros, as seguintes actuacións, ás que se deberá dar continuidade nos orzamentos ordinarios de 2023:
 - 1.a Aumentar a dotación orzamentaria do Plan Municipal de Emprego en 5 millóns de euros, e axilizar a execución de todas as partidas destinadas á promoción do emprego e a inserción laboral.
 - 1.b Realizar unha convocatoria extraordinaria das Axudas de Emerxencia para Familias, incrementando a súa dotación orzamentaria en 4 millóns de euros, adecuando as súas bases ao actual contexto para aumentar as súas contías e alargar o número de persoas beneficiarias.
 - 1.c Aumentar a partida orzamentaria das Axudas Sociais de Emerxencia en 1,5 millóns de euros.
 - 1.d Posta en marcha dun programa municipal de distribución de alimentos e bens de primeira necesidade para persoas empobrecidas e en situación de exclusión social, cunha dotación orzamentaria de 1 millóns de euros.
 - 1.e Creación dun bono de consumo no comercio local para familias de baixos recursos cunha dotación orzamentaria de 3,5 millóns de euros.
 - 1.f Estabelecer unha bonificación que faga gratuíto o uso do autobús urbano para persoas desempregadas de longa duración e/ou perceptoras de RISGA, IMV, PNC ou axudas sociais equivalentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 17 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Reforzar con máis persoal os servizos sociais municipais para axilizar a atención das persoas en situación de vulnerabilidade.

3. Posta en marcha dun parque de vivenda municipal, priorizando a oferta en réxime de alugueiro social, promovendo as fórmulas que permitan a incorporación a este dos inmóbeis titularidade da Sareb e das entidades financeiras rescatadas con diñeiro público.

4. Estudar unha modificación das ordenanzas fiscais municipais vixentes para aumentar as exencións, bonificacións e modalidades de aprazamento, tanto para familias como para o pequeno e mediano comercio local.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.07.2022 (Rex. Nº 3496/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(140) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A DOTACIÓN DOS TRENS AVRIL DE RODADURA DESPRAZABLE QUE PERMITA A CHEGADA DA ALTA VELOCIDADE A VIGO. EXPTE. PLENO 3497/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2022, número 3497/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A situación xeográfica periférica da nosa comunidade autónoma e, nomeadamente, a situación de Vigo na eurorrexión Galicia – Norte de Portugal fai que resulte determinante dispoñer de infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 18 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

competitividade das empresas e dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade.

Por iso, é imprescindible que, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentais para garantir a mobilidade dos cidadáns e manter e mellorar a competitividade da cidade, o Goberno de España aposte pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.

A conexión mediante AVE á meseta a finais do pasado ano, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais, foi, sen dúbida, un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social.

Pero para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade é preciso que se cumpra unha serie de condicións que desafortunadamente non se están a cumprir.

Entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable, para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e, deste xeito, acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Vigo, cumprindo así os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno de España.

Este tipo de trens, segundo o compromiso asumido no seu día polo Goberno central, tiñan que estar funcionando xa na nosa Comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia. Pero, segundo vén de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estarán operativos este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo está en temporada alta e en pleno Xacobeo extraordinario, senón que, o que é aínda peor, non se sabe cando o estarán.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazadable que permita a chegada da alta velocidade a Vigo."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, tres abstencións do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 19 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.07.2022 (Rex. Nº 3497/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(141) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REPOÑER DE FORMA URGENTE A TARXETA BÁSICA CO OBXECTIVO DE GARANTIR AS NECESIDADES BÁSICAS DAS PERSOAS MÁSI VULNERABLES QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE CARENCIA MATERIAL SEVERA (EXPTE 3488/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xullo de 2022, número 3488/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro , formula a seguinte,

MOCIÓN

A Xunta de Galicia puxo en marcha en xullo de 2020 a Tarxeta Básica, para atender ás persoas máis vulnerables fronte aos efectos socioeconómicos da crise sanitaria da COVID-19. Unha tarxeta para cubrir as necesidades básicas das familias con carencias materiais severas, que viu a complementar outras axudas de emerxencia que ofrecen os concellos, nomeadamente, o de Vigo.

O día 30 de xuño de 2022 a Xunta de Galicia ven de anunciar que cancela esta tarxeta básica, argumentando que “a pandemia xa pasou”, deixando na cuneta ás familias en risco de exclusión social nun contexto económico tan ou máis complexo que o que provocou a pandemia do COVID-19

As consecuencias sociais e económicas da pandemia están aínda a ser sufridas polas familias, acentuada a dificultade neste intre polo contexto económico derivado da guerra de Ucraína.

Todo isto nun momento en Galicia xa desfavorable de por si, xa que o 24,5 por cento dos galegos e galegas estaban en 2021 en risco de pobreza ou exclusión social e o 3,8% estaban en situación de carencia material severa, nunha situación ademais de baixa intensidade laboral nos fogares.

Isto tradúcese en que hai máis de 600.000 galegos e galegas vivindo por baixo do nivel da pobreza. Máis de 100.000 galegos y galegos sufriron no ano 2021 graves carencias materiais, un 44% máis que en 2019

Polo tanto, 3 de cada 10 galegos e galegas, aproximadamente 773.000 persoas tiveron algunha carencia material grave en necesidades básicas.

Pero hai que salientar que un 8% da poboación galega, é dicir, en torno a 215.000 persoas vivían en pobreza severa xa antes da pandemia, no ano 2019. É dicir, persoas que teñen ingresos inferiores a 500€ Esta situación xa de por si dramática, tense agravado por mor da crise sanitaria, económica e social



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 20 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

provocada pola COVID-19, e polo contexto económico derivado a guerra de Ucraína.

Os cidadáns prívanse de necesidades básicas en alimentación para poder facer fronte ao pagamento da vivenda que xa está a absorber máis do 50% dos ingresos das familias, porque a política nefasta da Xunta de Galicia en materia de vivenda para persoas vulnerables ten incrementado a especulación e tense convertido nun auténtico “aspirador de rendas” no noso país.

Por outra banda, case o 30% dos galegos e galegas non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos, o que tamén supón un incremento de 3,3 puntos porcentuais con respecto a 2019

Pero, ademais, ter un fillo é un factor de empobrecemento en Galicia e ser muller un factor de risco adicional para caer na exclusión social.

Galicia sitúase á cola de España en canto á taxa de cobertura das Rendas de Inclusión Social, a RISGA apenas chega ao 6,3% Tamén estamos á cola de España en canto ao importe medio da prestación, que se sitúa en 423 euros. É dicir, o principal instrumento co que conta Galicia para combater a pobreza severa apenas chega a 6 de cada 100 persoas en risco de exclusión social.

Todos estes datos poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas, de fomento do emprego, de vivenda, mesmo de política social da Xunta de Galicia de Feijoo despois de 12 anos de goberno, que no canto de contribuír a diminuír as desigualdades teñen incrementado a fenda inicialmente existente.

Esta situación xa case estrutural de consolidación da pobreza no noso país fixo que Galicia estivese en moita peor situación para afrontar a crise social e económica derivada da crise sanitaria.

Lembrar que a Xunta de Feijoo ten recibido máis de 300 millóns de euros para afrontar os gastos extraordinarios por mor do COVID-19. Fondos que, á vista dos datos, non teñen servido para paliar a situación dramática que están a vivir centos de miles de galegos e galegas.

Neste contexto, o Presidente da Xunta do Partido Popular ven de anunciar a cancelación da tarxeta básica para os máis vulnerables, afirmando que a pandemia xa rematou, no momento en que Vigo rexistra o pico de hospitalizados con COVID máis alto en ano e medio, con máis de 120 persoas positivas hospitalizadas. Nestas últimas catro semanas o número de hospitalizados con COVID duplicouse na área sanitaria de Vigo. Este agravamento da pandemia está a afectar de novo á economía dos fogares máis vulnerables, ao igual que a suba dos prezos, por mor da guerra en Ucraína.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excm. Corporación municipal que adopte o seguinte:

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 21 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar Xunta de Galicia a repoñer de forma urxente a Tarxeta Básica co obxectivo de garantir as necesidades básicas das persoas máis vulnerables que se atopan en situación de carencia material severa.
- Instar á Xunta de Galicia a que as transferencias que se reciban do Goberno de España ao abeiro dos Fondos Europeos para a Reconstrución, especificamente en materia de Política Social, se materialicen en proxectos que poñan as persoas no centro das políticas públicas e que se desenvolvan con perspectiva de xénero, para atender aos colectivos máis vulnerables como as mulleres e os nenos e nenas.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Preside o segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor por parte dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia máis dous votos dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa e un o membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro abstencións por parte do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.07.2022 (Rex. Nº 3488/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(142) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CREAR UNHA PARTIDA DE 2 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS ORZAMENTOS E TRANSFERILOS AO CONCELLO DE VIGO PARA ASUMIR O CUSTE DAS BECAS DE COMEDOR, LIBROS E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3499/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2022, número 3499/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz , formula a seguinte,

MOCIÓN

A Constitución española de 1978 consagra o dereito a educación e corresponde aos poderes públicos o exercicio deste dereito en condicións de igualdade. Neste sentido as administracións públicas deben proporcionar un servizo público que facilite o exercicio efectivo deste dereito fundamental a recibir unha educación básica ,obrigatoria e gratuíta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 22 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Xunta de Galicia, en base ás competencias que a normativa vixente lle atribúe, é a responsable en materia educativa e da xestión dos servizos complementarios como o comedor e aulas matinais.

A realidade, unha vez máis, é que a administración autonómica a pesar de ter as competencias en materia educativa e da xestión destes servizos complementarios, volve a delegar as súas competencias no Concello de Vigo e nas asociacións de pais e nais.

O Concello de Vigo adica máis de 2 millóns de euros anuais a becas de comedor e libros. Máis de 3.000 nenos e nenas da nosa cidade son bolseiros nos comedores escolares e máis de 1.200 reciben achegas municipais para libros e material escolar. O goberno de Abel Caballero ven incrementando notablemente o importe das becas nos últimos anos e mellorando e facilitando a solicitude das mesmas.

Grazas ao compromiso do Concello de Vigo, todos os nenos e nenas da nosa cidade que solicitan e cumpren os requisitos das bases teñen unha beca.

Non parece lóxico que sea o Concello de Vigo o que asuma as competencias da Xunta de Galicia e que sea a administración local a que sufrague na súa totalidade eses servizos complementarios. Entendemos que se poidan establecer mecanismos de colaboración entre administracións co fin de mellorar a prestación e ampliar os servizos pero tendo en conta as competencias de cada unha e non delegando as competencias sen aportar os recursos económicos necesarios.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a crear unha partida de 2 millóns de euros nos próximos orzamentos para a súa transferencia ao Concello de Vigo para asumir o custe das becas de comedor, libros e servizos complementarios que están a ser financiados por este Concello.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Preside o segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor por parte dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia máis dous votos dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa e un o membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro votos en contra por parte do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 23 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2022 (Rex. Nº 3499/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(143) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCLUIR NOS SEUS ORZAMENTOS DO ANO 2023 E COMPROMETERSE A TRANSFERIR 500.000 EUROS PARA POTENCIAR O PLAN DE INVESTIMENTOS QUE IMPLIQUE AO MANTEMENTO DAS 11 BANDEIRAS AZUIS DO CONCELLO DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3500/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2022, número 3500/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Rodríguez , formula a seguinte,

MOCIÓN

Todos sabemos que Galicia é a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa despois das Illas Canarias.

O noso litoral caracterízase polo abrupto da súa costa que aparece salpicada dos entrantes das Rías propiciando a aparición dun gran número de areais, dos cales 56 atópanse en Vigo.

Se á nosa espectacular costa, á nosa paisaxe natural insuperable, sumamos as nosas augas, atopámonos ante unha riqueza que moitas veces non somos capaces de apreciar en toda a súa dimensión.

Son perfectas, por exemplo, para quen busca unhas vacacións, espaxamento ou á práctica dalgún deporte, por sinalar algún aspecto. Pero esta riqueza das nosas praias hai que preservala e coidala.

E isto esixe a protección da salubridade e seguridade dos usuarios deste ben público, así como a protección do medio ambiente, con independencia de cal sexa o eixo de interacción e todos os factores que participan no escenario do dominio público litoral.

Tamén se inclúe todo o relativo a servizos, instalacións, limpeza, conservación do medio, zonas do baño, vixilancia e protección. E neste empeño está o Concello de Vigo.

Grazas a este esforzo tanto humano como económico, conseguiuase que a Asociación de Educación Ambiental e o Consumidor (ADEAC) outorgase 11 bandeiras azuis ás praias do Concello de Vigo. Bandeiras que crecen ano a ano e que se outorgaron aplicando criterios da calidade das súas augas, bos servizos e xestión.

Con todo, non podemos esquecer, que as nosas praias sofren unha elevada presión de uso en diversas épocas do ano que supoñen unha especial atención e ordenación por parte do Concello de Vigo para que estes espazos fráxiles e proclives aos desequilibrios produto da acción humana non se deteriorenen.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 24 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

É dicir, o esforzo do Concello de Vigo, radica en lograr un perfecto equilibrio para que a protección dos riscos non supoñan obstáculo nin para os cidadáns nin para o crecemento turístico que experimentou a nosa cidade nos últimos anos. Nin por suposto, para xerar maior valor engadido e unha oferta de calidade do noso patrimonio natural.

Conseguido supón unha dedicación económica, de organización e de medios humanos moi importante que realiza en Concello de Vigo sen participación algunha da Xunta de Galicia. Por indicar un dato sinxelo, o número de profesionais asignados á vixilancia, seguridade e mantemento das nosas praias rolda os 100 efectivos.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a incluír nos seus Orzamentos do ano 2023 e comprometerse a transferir a contía de 500.000€ para potenciar o plan de investimentos que implique ao mantemento das 11 bandeiras azuis que actualmente posúe o Concello de Vigo.
- Instar á Xunta de Galicia a incluír nos seus Orzamentos do ano 2023 e comprometerse a transferir a contía de 200.000€ para levar a cabo novas investimentos para incrementar o número de bandeiras azuis que actualmente posúe o Concello de Vigo.
- Instar á Xunta de Galicia a facilitar aos concellos persoal de socorrismo

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Preside o segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor por parte dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia máis dous abstencións por parte dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa e cinco votos en contra por parte do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González máis un voto por parte do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2022 (Rex. Nº 3500/1101), pola concelleiro do grupo municipal Socialista, Sra. Rodriguez Rodríguez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 25 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.(144) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 17.06 AO 18.07.22. EXPTE. 1255/1102 (EXPTE. PLENO 3492/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 17.06.22 ao 18.07.22) incluídas no expediente 1255/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

11.(145) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 17.06 AO 18.07.22. EXPTE. 1256/1102 (EXPTE. PLENO 3493/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 17.06.22 ao 18.07.22) incluídas no expediente 1256/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS.

13.(146) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA QUE O GOBERNO LOCAL GARANTA O CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN LABORAL NAS CONCESIONARIAS MUNICIPAIS. EXPTE. PLENO 3495/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xullo de 2022, número 3495/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA QUE O GOBERNO LOCAL GARANTA O CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN LABORAL NAS CONCESIONARIAS MUNICIPAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Históricamente as administracións públicas e os seus procedementos de contratación pública teñen sido un mecanismo esencial para as políticas de democratización do acceso da cidadanía aos servizos públicos, a políticas de benestar e á mellora das condicións materiais de vida en múltiples facetas. A contratación pública é unha ferramenta xurídica ao servizo dos poderes públicos para o cumprimento dos seus fins e valores fundamentais: cohesión social, redistribución da riqueza, igualdade e xustiza. Hoxe en día, o peso da contratación



Copia do documento - Concello de Vigo
3548-1101

Data impresión: 05/10/2022 14:45

Páxina 26 de 34

CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

pública no conxunto da actividade económica cífrase en máis dun 15% no PIB do Estado Español; máis xa que sectores como a industria, que no ano 2020 caeu por debaixo desa cifra.

Polo tanto a contratación pública é tan ou máis estratéxica que os sectores que tradicionalmente vimos considerando como esenciais para a nosa economía, especialmente en cidades como Vigo onde actúan varias administracións e a actividade industrial languidece perigosamente.

Por desgraza, a corrente privatizadora dos anos 90 cronificou un sistema de xestión privada ou indirecto, no que a administración ou ben privatiza empresas ou servizos públicos para que mediante licitación o xestionen empresas privadas ou ben xa nacen os propios servizos xestionados de xeito externo. Un modelo que ademais estableceu prioritariamente os factores de prezo e aforro económico sobre a calidade ou consolidación do servizo público. Pese a que modificacións na lexislación de contratación pública, especialmente o marco normativo que introduciu a aprobación da Directiva sobre contratación Pública -Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014-, matizaron esa maior ponderación do criterio prezo, entre os tidos en conta para adxudicar os contratos, o certo é que este factor segue incidindo negativamente en cuestións tan importantes como as condicións laborais e especialmente nos conceptos salariais.

No Concello de Vigo a práctica totalidade dos servizos públicos son prestados mediante empresas privadas que licitaron e gañaron contratos públicos. Algúns servizos naceron formulados así: Transporte, Servicio de Atención Domiciliaria,... pero outros veñen de procesos privatizadores vellos ou novos como o abastecemento e saneamento, ou máis recentemente a apertura e peche dos pabillóns deportivos municipais. En todas estas empresas actúan convenios colectivos, acordos salariais e cláusulas de revisión dos mesmos que teñen unha vinculación directa ao prego concesionais xa que, en todos eles, o cumprimento dos mesmos está ligado ao réxime sancionador e mesmo a criterios de resolución do contrato de non cumprirse.

No contexto actual de crise inflacionaria provocada entre outras cousas pola guerra de Ucraína pero empregada esta claramente como escusa por diversas patronais para xustificar estratexias de parte, asistimos a un incremento notable do IPC, que no pasado mes de xuño por exemplo incrementouse en 1,5 puntos ata o 10,2% interanual, o que ven a constituír o dato máis elevado desde abril de 1985. Este incremento en tendencia ven a sumarse ao IPC que se estableceu para o 2021 de 6,5% e está fundamentado especialmente polo encarecemento dos carburantes, os alimentos e bebidas non alcohólicas, e ao enésimo incremento do prezo da electricidade.

Nesta situación as patronais que agrupan ás empresas que operan os servizos públicos municipais están tendo unha actitude claramente pactada de, por unha banda intentar evitar cumprir as cláusulas de revisións salariais vinculadas ao IPC argumentando a insuficiencia de recursos pese a que na práctica totalidade dos contratos suscritos co Concello de Vigo estas subas se garanten con incrementos de recursos por parte da administración; e por outro lado de bloquear a negociación colectiva de novos convenios e mesmo tentar dinamitar as cláusulas de revisión salarial. Como xa denunciou CCOO no conxunto do estado só o 32% da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 27 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

poboación asalariada con convenio pactou para 2022 incrementos de salario por encima do 2% e só o 21% pactou subidas por encima do 3%".

Esta actitude xunto con outras prácticas de presión como ameazar con descolgues salariais aos cadros de persoal como está tentando o grupo Avanza en Vitrasa, supoñen un grave incumprimento dos pregos concesionais e ten que contar coa actuación decidida do Goberno local garantizando ademais que os recursos públicos que se adican a pagar a empresas por xestionar servizos públicos acabe realmente nos mesmos e no persoal e non na conta de resultados ou nos petos dos accionistas da mesma. Exemplos de concesións nas que o beneficio empresarial excede do realmente fixado nas ofertas temos de sobra, e curiosamente son as mesmas que non queren aplicar os dereitos laborais que o persoal ten garantido por convenio colectivo.

É fundamental que o Concello audite de xeito permanente a contratación pública, tanto no tocante a cuestións laborais como paara conseguir que a prestación de servizos públicos e as compras públicas sexan de calidade, estratéxicas, sostibles e socialmente responsables e ao mesmo tempo naqueles contratos nos que o compoñente económico fundamental vén constituído polo custo da man de obra, a maior ponderación do criterio prezo non pode ser o factor principal entre os tidos en conta para a súa adxudicación xa que pode incidir negativamente nas cuestións laborais, e pode ser utilizado de forma impropia para xustificar numerosas actuacións que acaban destruindo emprego e empeorando as condicións laborais das e dos traballadores.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

- 1.** O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a revisar todas as concesións municipais nas que se formalizaron denuncias por parte da representación sindical por incumprimentos en materia de convenios colectivos, cláusulas de revisión salarial ou xestión de persoal e abrir de xeito inmediato expedientes nas que se aprecien incumprimentos.
- 2.** O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a esixir que nas empresas concesionarias nas que operen convenios colectivos nos que sexa obrigatorio a suba do IPC do 2021 (6,5%), se garanta e se fiscalice o cumprimento destas cláusulas, tendo en conta que a empresa si que cobra dos cartos públicos a devandita suba por parte do Concello.
- 3.** O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a ser mediador activo para desbloquear a negociación colectiva nos sectores cos que ten contratos e se atopa paralizada e a incluír nos pregos de contratación cláusulas sociais e ambientais (criterios como a calidade das condicións de emprego, a inserción sociolaboral de colectivos desfavorecidos, a diversidade funcional, políticas de xénero, ambientais e de comercio xusto,...). Estes criterios tenderán a valorarse nun mínimo do 60% sobre a puntuación total.
- 4.** O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a estudar de xeito real e fundamentado as posibilidades de remunicipalización dos servizos que actualmente se realizan de xeito indirecto por empresas privadas de todo tipo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 28 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a non prorrogar os contratos vixentes sen que sexan clarificados e cumpridos os acordos en materia laboral e salarial.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas , e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia. adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.07.2022 (Rex. Nº 3495/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

14.(147) Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se atenda coa maior axilidade a reivindicación da veciñanza de Teis de instalar na ETEA uns aseos públicos.

15.(148) Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes. Que o Goberno local execute a colocación de puntos violeta de atención e información sobre violencias machistas no espazo público durante os contextos das festas e aglomeracións, tal e como se aprobou no Pleno en reiteradas ocasións.

16.(149) Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Que se estableza un cronograma e se nos informe sobre as miles de alegacións presentadas pol aprobación inicial do Plan Xeral de Vigo.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.(150) Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Que xestións realizou a alcaldía, e con que resultado, diante do Goberno español para trasladarlle o acordo unánime do Pleno do Concello de Vigo do pasado 25 de maio, instándoo á posta en marcha dunha operación de traballo subacuático



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 29 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que permita localizar o buque “Villa de Pitanxo”, descender ao mesmo e elaborar un traballo fotográfico e audiovisual sobre o estado domesmo, así como recoñecer a súa contorna e zona exterior do buque para verificar a localización dos corpos dos tripulantes desaparecidos?

18.(151) Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. ¿Cando pensa o Goberno local executar de oficio a derruba da antena ilegal na rúa Ramón dos Pinos en Beade e pasarlle o custo as empresas operadoras que a colocaron e que xa contan con sentenza firme en contra?

19.(152) Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Ten coñecemento o goberno municipal da celebración dunha comida de apoio ao Sr. Gutierrez Orúe e da asistencia de polo menos un concelleiro do goberno?.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Xullo
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 27 de Julio de 2022 13:22:00
Fecha Fin : Miércoles, 27 de Julio de 2022 16:40:31
Duración : 03:18:31

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3219

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.6 GiB

SHA512 -
e8719a4e0389dad8484f82df4553e15e7a8430ab34e8a0755efedc695757223a7dbae5a
eda8add13ff8fa9ddcbaf1158136592d1604ebba7e7c686c656a0b6d2

- Media (PROXYS)

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino,



Copia do documento - Concello de Vigo
3548-1101

Data impresión: 05/10/2022 14:45

Páxina 30 de 34

CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:20 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 29 de xuño 2022
- 00:01:34 : 2. Declaración Institucional sobre os incendios forestais. Expte. Pleno 3498/1101.
- 00:01:47 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 2º trimestre do ano 2022 e PMP dos 6 meses do ano 2022. Expte. 25763/541 (Expediente Pleno 3478/1101).
- 00:02:00 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:06:44 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:48 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:08:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:08:41 - Pérez Correa, Rubén
- 00:13:36 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:13:41 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:18:20 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:18:25 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:21:29 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:21:38 : 4. Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 223/143 (Expte. Pleno3479/1101).
- 00:21:56 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:26:59 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:27:03 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:29:08 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:29:12 - Pérez Correa, Rubén
- 00:34:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:34:32 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:39:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:39:38 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:39:40 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:40:08 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:40:23 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:42:47 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:42:59 - Minuto de silencio victimas da violencia de xenero
- 00:44:12 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a transferir ao Concello de Vigo, a parte proporcional que lle corresponda en función da súa poboación, dos fondos recibidos do Estado para inversión, política social, emprego e outras. Expte. Pleno 3501/1101.
- 00:44:33 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:49:40 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:49:44 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:51:46 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:51:51 - Pérez Correa, Rubén
- 00:57:03 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:57:06 - Egerique Mosquera, Teresa
- 01:02:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:02:25 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:05:33 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 31 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:06:54 - Votación [10:20:34]
- 01:07:37 : 12. Moción do concelleiro non adscrito para o despregamento de medidas municipais fronte ao agravamento da crise na cidade.Expte. Pleno 3496/1101.
- 01:07:46 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:09:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:09:57 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:10:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:15:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:15:19 - Egerique Mosquera, Teresa
- 01:19:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:19:52 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:24:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:25:00 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:26:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:26:10 - Votación [10:39:50]
- 01:26:56 : 5. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Goberno de España a dotación dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade a Vigo. Expte. Pleno3497/1101.
- 01:27:18 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 01:31:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:31:58 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:34:07 - Pérez Correa, Rubén
- 01:39:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:39:24 - López Font, Carlos
- 01:44:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:44:32 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 01:47:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:47:58 - Votación [11:01:38]
- 01:48:29 : 6. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a repoñer de forma urxente a Tarxeta Básica co obxectivo de garantir as necesidades básicas das persoas máis vulnerables que se atopan en situación de carencia material severa. Expte. Pleno 3488/1101.
- 01:48:48 - Aguiar Castro, Yolanda
- 01:53:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:53:48 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:55:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:55:59 - Méndez Fuentes, Oriana
- 02:00:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:00:33 - Lopez Roman, Patricia
- 02:04:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:04:59 - Aguiar Castro, Yolanda
- 02:07:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:07:45 - Votación [11:21:26]
- 02:08:18 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a crear unha partida de 2 millóns de euros nos próximos orzamentos e transferilos ao Concello de Vigo para asumir o custe das becas de comedor, libros e servizos complementarios.Expte. Pleno 3499/1101.
- 02:08:36 - Gomez Díaz, Gorka
- 02:13:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:13:47 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:15:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:16:00 - Méndez Fuentes, Oriana
- 02:19:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 32 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:19:58 - Bartolomé Tocino, Carlota
 02:25:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:28:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:28:23 - Votación [11:42:03]
- 02:28:55 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus Orzamentos do ano 2023 e comprometerse a transferir 500.000 euros para potenciar o plan de investimentos que implique ao mantemento das 11 bandeiras azuis do Concello de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 3500/1101.
- 02:29:14 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 02:34:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:34:41 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:36:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:36:50 - Pérez Correa, Rubén
 02:42:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:42:05 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:47:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:47:25 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 02:50:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:50:40 - Votación [12:04:20]
- 02:51:25 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 17.06 ao 18.07.22. Expte. 1255/1102 (Expte. Pleno 3492/1101).
- 02:51:37 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 17.06 ao 18.07.22. Expte. 1256/1102(Expte. Pleno 3493/1101).
- 02:51:53 : 13. Moción do grupo municipal Mixto para que o Goberno Local garanta o cumprimento da lexislación laboral nas concesionarias municipais. Expte. Pleno 3495/1101.
- 02:52:05 - Pérez Correa, Rubén
 02:57:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:57:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:59:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:59:29 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:04:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:10:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:10:32 - Pérez Correa, Rubén
 03:13:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:13:39 - Votación [12:27:19]
 03:15:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:15:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:15:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:16:18 : 14. Formulación de rogos.
 03:16:21 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:16:35 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:16:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:16:55 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:17:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:17:15 : 15. Formulación de preguntas.
 03:17:22 - Pérez Correa, Rubén
 03:17:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:17:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:17:40 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:18:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 33 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

03:18:31 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 11/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez
Javier Pardo Espiñeira

A SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:45	Páxina 34 de 34
3548-1101	CSV: A7A2BC-2EC1AH-3F3231-MCR88M-4QYBKL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		